

## A literatura no primeiro terzo do S. XX

### Índice de contidos:

- 9.1. Introducción. Panorama social
- 9.2. A poesía
  - 9.2.1. A poesía das Irmandades
  - 9.2.2. A poesía de vangarda
- 9.3. A prosa
  - 9.3.1. A prosa das Irmandades
  - 9.3.2. O Grupo Nós
    - 9.3.2.1. Narrativa
    - 9.3.2.2. Ensaio
    - 9.3.2.3. Xornalismo
- 9.4. Teatro
  - 9.4.1. Irmandades
  - 9.4.2. Vangardas
  - 9.4.3. Grupo Nós

### 9.1. Introducción. Panorama social

Nestes primeiros anos do século XX teñen lugar en Galicia acontecementos que supoñen un cambio importante. Os males do campo que segue nunha situación de atraso e de miseria dan lugar a un **movemento agrario** que ademais de ter carácter reivindicativo atende á formación cultural e ideolóxica do campesiñado, concretándose en sociedades agrarias como **Acción Galega**, fundada en 1910 por Basilio Álvarez. O pensamento galeguista que se iniciara no século anterior vai ter continuidade nos grupos denominados **Irmandades da Fala**. Unha grande influencia dentro das Irmandades foi a exercida por un grupo de intelectuais coñecidos co nome de **Grupo Nós**, por teren participado na creación da revista Nós: Castelao, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Cuevillas. No ano 1923 créase o **Seminario de Estudios Galegos** coa finalidade de promover o estudo e a divulgación de aspectos da realidade do país: historia, xeografía, literatura, arqueoloxía, economía...etc. O seu labor veríase interrompido pola Guerra Civil.

Coa proclamación da Segunda República, no ano 1931 fúndase o Partido Galeguista, froito da xuntanza de diversos grupos nacionalistas. Os seus dirixentes son Castelao e Alexandre Bóveda. O principal labor desta organización foi a elaboración do Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado co voto afirmativo da maioría do pobo galego no referendo que tivo lugar en xuño do ano 1936. Este Estatuto non chegou a entrar en vigor, o 18 de xullo dese mesmo ano tivo lugar o levantamento militar que deu lugar á Guerra Civil e que acabou coas liberdades democráticas e as lexítimas aspiracións de Galicia.

### A literatura galega nestes anos

Como levamos visto, na época do Rexurdimento o xénero literario máis cultivado, case que de maneira exclusiva, foi a poesía. A comezos do presente século os intelectuais

comprometidos política e culturalmente con Galicia sentiron a necesidade de impulsar a diversificación dos xéneros literarios como maneira de normalizar a creación literaria en lingua galega e evitar o anquilosamento dos modelos líricos herdados do Rexurdimento. De aí que se potenciase a narrativa, tanto a de ficción como a ensaística e tamén o teatro, e que se buscasen novas formas de expresión para a lírica.

## 9.2. A poesía

Nestes anos, entre os cultivadores da poesía, atopamos continuadores dos grandes poetas do século XIX con temas que inciden no socialpatriótico, o íntimo e o costumista. Pero tamén podemos falar de autores que tentan fórmulas novas como son os **renovadores** e os **vanguardistas**.

**Os renovadores.** Son poetas que introducen na lírica galega novidades temáticas e estilísticas, inspirados nas correntes estéticas de principios de século, fundamentalmente o simbolismo e o modernismo. Os máximos representantes desta tendencia foron **Antonio Noriega Varela** e **Ramón Cabanillas**. Para denominar a estes dous autores e aos outros seus compañeiros de andadura poética, acuñáronse varias denominacións: **Xeración das Irmandades da Fala**, Poetas do Postrexurdimento, Postrenacentistas, Xeración de Entre Dous Séculos, etc. Calquera delas pode ser válida, sen embargo podemos rexistrar distincións evidentes entre a poesía máis enxebre e tradicional de Noriega e o seu continuador Crecente Vega, por un lado, e, por outro, a apertura temática e estilística dun Cabanillas. Seguiremos a primeira denominación, coincidindo co enunciado polo currículo da materia.

### 9.2.1. A poesía das Irmandades

#### Noriega Varela

##### Vida

Noriega Varela naceu en Mondoñedo en 1869 e no Seminario da vila cursou estudos eclesiásticos que non chegou a rematar. De estudante xa deu a coñecer certos dotes para a poesía satírica e foi premiado en Mondoñedo en 1895. Estes primeiros poemas achéganse ao costumismo, cunha certa influencia de Leiras Pulpeiro.



No ano 1901, despois de obter o título de mestre, foi nomeado rexente da escola de Fondós en Foz. Nestas datas ten lugar o seu primeiro matrimonio do cal nacerán seis fillos.

Colabora en Foz no periódico anticaciquil <¡Guau, Guau!> xunto con Antón Vilar Ponte e Camilo Cela (pai do autor de *La Colmena*). A colaboración con xornais anticaciquís e proagrarristas provocou o seu desterro a Calvos de Randín. Nesta vila ourensá, próxima a Portugal, contacta Noriega coa literatura lusitana. Coñecerá a Teixeira de Pascoães ( creador do “Saudosismo” portugués), do cal será amigo e admirador.

Despois de tres anos consegue o traslado. Curiosamente irá a Trasalba, lugar onde xorde a amizade con Otero Pedraio. Aquí morre a súa muller; casará novamente e deste segundo matrimonio nacerán sete fillos. Neste tempo, os homes de Nós edítanlle o máis logrado da súa obra: *Do ermo* (1920).

Pasados trece anos de residencia en Trasalba, irá destinado a unha aldea preto de Mondoñedo e alí xa non disimula a súa desaprobación polas correntes culturais e políticas dominantes entre a intelectualidade galega. Mesmo renega dos principios polos que noutroira loitara. Nesta época a conexión co mundo literario

establécea a través de Aquilino Iglesia Alvariño, corenta anos máis novo que Noriega e estudante aínda no seminario mindoniense.

Os derradeiros anos pasounos o noso autor preto da Mariña morrendo en Viveiro en 1947.

## Obra de Noriega

Como xa indicamos na Introducción, Noriega vai seguir unha liña continuadora dos poetas decimonónicos. Acabamos de ver así mesmo na súa biografía como non foi home moi dado ás novidades literarias.

A pesar de que publicou dous volumes poéticos, *Montañesas* (1904) e *Do ermo* (1920) con sucesivas ampliacións e reedicións, a maior parte da crítica coincide en sinalar que Noriega é autor dunha soa obra: <En realidade, Noriega non escribiu máis que un libro, que pasou por sucesivas transformacións. Primeiro chamouse *Montañesas* e atinxiu así dúas edicións. Logo chamouse *Do ermo*> ( Carballo Calero).

As súas primeiras composicións caracterízanse polo costumismo xa fixado no século anterior. Esta concepción non a abandonará nin nas súas composicións posteriores, máis cultistas.

Nese costumismo inicial xa aparece o núcleo temático da súa mellor poesía: a natureza. O marco xeográfico no que se desenvolven os versos do mindoniense céntrase na Serra da Corda entre os concellos de Mondoñedo, Abadín e A Pastoriza. Noriega foi celebrado desde xeito como o Poeta da Montaña. Aquí influxo de San Francisco de Asís é patente; Noriega tamén cantará <as humildes cousas que ninguén olla>. Asistimos á vibración emocionada diante dos elementos menos grandiosos da paisaxe; as chorimas, as follas dos elementos menos grandiosos da paisaxe: as chorimas, as follas dos caxigos, as irtas xestas, as uces, as <doíñas do rocío>, unha leve pucharquiña,... Entre os animais glosa a laverca e mesmo o insignificante verme, que con voz propia alude ao santo de Asís.

Nos sonetos, á par da temática paisaxística, observamos un maior esteticismo influído pola lectura dos clásicos da poesía barroca castelá. No léxico predominan os cultismos e neoloxismos. A angueira cultista afecta mesmo á ortografía (phantasia, crystal, pythonisa)

Quédanos por engadir á obra poética os seus traballos **A virxe e a paisanaxe** (1914), conxunto de cantigas populares en loor da virxe e **Como falan os brañegos** (1923), refráns e ditos populares.

Entre as influencias poéticas que rexistra, destacamos: Juan Ramón Jiménez, Lorca, Alberti....etc., e portugueses como Luís de Camoens, Guerra Junqueiro e Teixeira de Pasquais.

## Saudade

Teixeira de Pasquais definiu a saudade como **o sangue espiritual da raza (o seu perfil), mediante a palabra escrita maniféstase nela o pasado e o presente dun pobo ( característica de personalidade do pobo Galego-Portugués)**. A saudade en Noriega, domina o mesmo sentimento ca nos *Cantares* de Rosalía: Morriña do Agro, (pureza, grandeza espiritual, paz, etc.) fronte a vila (artificial); ademais a lingua, tan doce e fermosa, fálase na montaña e non nas vilas e cidades. Predominan na súa obra os mesmos temas que na Rosalía dos Cantares: emigración, preocupación social, preocupación pola lingua, etc. Síntese, como Rosalía, pobre entre os pobres, e esta pobreza está patente nos seus poemas. Os mozos teñen que emigrar ou senón traballar as leiras para mal comer.

## Ramón Cabanillas. Vida

Naceu en Cambados en 1876. Con respecto ao seu traballo, Cabanillas declarou que “eu sempre fun substantivamente un burócrata”. Cando en 1910 emigra a Cuba, non debe sorprendernos que continuase co seu oficio de contable.

Na Habana contacta coa intelectualidade galega que acompañara a Curros nos seus últimos anos. En 1913 aparece o seu 1º libro “No desterro” e na Habana publica “Vento Mareiro”, 1915. E neste mesmo ano regresa a Cambados e incrementa a súa relación coas irmandades da Fala.

En 1920, Cabanillas ingresa na Real Academia Galega cun discurso acerca da saudade nos poetas galegos. Nove anos máis tarde, é designado como académico de número na Real Academia Española, en representación da cultura galega; o seu discurso versa sobre Pondal. Morre na súa terra no ano 1959.



## Obras de Cabanillas

• 1913. No Desterro	Poesía narrativa
• 1915. Vento Mareiro	Poesía narrativa
• 1917. Da Terra Asoballada	Poesía narrativa
• 1921. A man de Santiña	Teatro
• 1926. O bendito S. Amaro	Poesía narrativa
• 1926. O mariscal	Teatro
• 1926. Na noite estrelecida	Poesía narrativa
• 1927. A rosa de cen follas	Poesía lírica
• 1949. Camiños no tempo	Poesía narrativa
• 1951. Antífona da Cantiga	Prosa
• 1954. Da miña zanfona	Poesía lírica
• 1955. Versos de alleas terras e de tempos idos	Poesía lírica
• 1958. Samos	Poesía narrativa

A “Antífona da Cantiga” é unha antoloxía de cancións populares cun completo prólogo. Non resulta doado establecer unha clasificación, a máis utilizada é a que distingue entre poesía lírica e poesía narrativa.

## Poesía lírica

Ata hai pouco, Cabanillas tivo a imaxe de poeta social. Isto non debe estrañarnos moito, pois no seu primeiro libro, *No desterro*, foi presentado por Basilio Álvarez como sucesor de Curros, o novo “flaxelador” lírico das inxustizas sociais. Os poemas contestatarios de Cabanillas foron os que acadaron máis sona, case sempre debido as circunstancias políticas polas que atravesou Galicia.

Non obstante, cunha lectura atenta de *No desterro*, *Vento mareiro*, e *Da terra asoballada* comprobamos axiña que as composicións de carácter cívico ocupan unha pequena parte do total. Por exemplo, no 1º volume só atopamos cinco, dun total de 28 composicións, que poidan representar poesía combativa. Algo semellante sucede nas outras dúas obras.

As principais direccións que ocupan as restantes páxinas serían:

1. A poesía intimista de inspiración romántica, na que aparece o sentimento amoroso ou conmoción diante da natureza.

2. A poesía costumista, de intención humorística ou crítica.
3. A poesía da estética modernista, con certos luxos sensoriais e ornamento exotista.

Características deste modernismo en Cabanillas

- \* Métrica distinta.
- \* Poesía eufónica.
- \* Temas exóticos ( Mito Artúrico. O tema da corte do Rei Arturo, suposto rei dos bretóns polo ano 500 )
- \* Novidades formais e orixinalidade
- \* Rompe coa poesía costumista do XIX e introduce o modernismo en Galicia
- \* Universalidade fronte a localismo.

É considerado como o poeta da raza, rompe coa ideoloxía provincialista para facer obra universalista e mantivo estreitas relacións cos membros das Irmandades e Grupo Nós.

Recupera a conciencia galeguista. Como impulsor do mito artúrico trouxo os cabaleiros da Táboa Redonda a Galicia, recuperando o pasado celta que introduciu Pondal.

Vento Mareiro, Observamos estas mesmas direccións poéticas, se acaso cun incremento da pegada modernista.

Da Terra Asoballada, sucede algo similar: Parece abrirse, dentro da poesía cívica, a outros matices como a recuperación do espírito colectivo de Galicia ao que servirá máis tarde Na noite estrelecida.

A Rosa De Cen Follas, constitúe unha homenaxe a Rosalía e á poesía romántica con predominio do tema amoroso

Da miña zanfona, entra xa con claridade na etapa do devalo das facultades poéticas de Cabanillas. Parece haber un predominio de alusións míticas e heroicas.

Versos de alleas terras e tempos idos, nos que traduce a algúns dos seus autores favoritos. Mestura poetas e épocas moi diferentes.

## Poesía Narrativa

O bendito S. Amaro narra, en romance octosilábico, a lenda deste santo, venerado na comarca do Salnés (Ría de Pontevedra, Sanxenxo, Cambados) . Conta a vida e a conversión milagrosa de Amaro de Arenteiro.

Na noite estrelecida. Marca o cume poético do autor. Narra en tres partes ou sagas certos episodios da Materia de Bretaña. Emparentado coa épica medieval.

1ª Saga: “A espada Escalibor”, conta como Artur é o único que consegue desencravar a máxica espada da rocha na que ficaba chantada. Consecuentemente é coroado rei na catedral de Caerleón.

2ª Saga: “O cabaleiro do Sant-Grial”, un cabaleiro sairá escollido para a busca do Grial, o vaso sagrado. Este cabaleiro, que será Galahaz, ten a visión do Grial nas terras galegas do Cebreiro.

3ª Saga: “O sono do rei Artur”, Galahaz volve ás terras de Gales e rende homenaxe ante o rei Artur. O rei aparece mergullado no sono que antecede á súa marcha deste mundo e profetiza a chegada de novos tempos gloriosos para o pobo celta (celto-galego, en concreto). Artur emprende a súa viaxe misteriosa e a obra córrase con outra chamada profética.

Na noite estrelecida é a adaptación de materiais moi diversos ao servizo da visión que Cabanillas desexaba para a nosa historia común (concepción que tamén movera a Pondal). Trátase, en definitiva, de crear as nosas glorias históricas, de glosar a nosa propia mitoloxía, os nosos propios heroes. O sincretismo caracteriza e dá valor de seu ao longo poema de Cabanillas. Nalgúns casos esta fusión xa se producira na

Idade Media, por exemplo o mito cabaleiresco bretón co cristianismo. Cabanillas refundiu e engadiu novos elementos; por exemplo a presenza de Galicia: as paisaxes son galegas, Escalibor procede da illa de Sálvora, Galahaz atopa o Grial no Cebreiro, a terra redimida será tamén Galicia, etc. Outros elementos proveñen do mundo céltico creado por Pondal e Murguía que se mesturan, á súa vez, cunha certa concepción da Saudade e o presaxio milenarista.

*Camiños no tempo*, recompilación de poesía narrativa, inclúe as dúas obras anteriormente citadas e outras composicións inéditas.

*Samos*, a obra derradeira, naceu froito das estadias de Cabanillas no mosteiro lugués. Parece un poema didáctico polo asunto, que non é outro que a loa da vida comunal na abadía.

#### **Outros poetas:**

**Xosé Crecente Vega:** "Codeseira" (poesía rural, 1933)

**Xavier Prado Lameiro:** moi popular na súa época fixo poesía rural costumista e composicións humorísticas en 1928 "Monifates" e "Farsadas"

**Gonzalo López Abente:** poesía lírica amorosa, de loita, con elementos modernistas "Escumas da ribeira", "Nemancos"

**Victoriano Taibo:** "Abrente" e "Da vella roseira", poesía na liña dos primeiros libros de Cabanillas

**Antonio Rei Soto:** o poeta que maior fidelidade garda á estética modernista na nosa lingua

### **9.2.2. A poesía de vangarda**

#### **Introdución**

Artisticamente o século XX vense caracterizando pola consolidación de profundos cambios iniciados a finais do XIX. Estas mutacións veñen dadas por unha evidente actitude crítica cara a arte do pasado e contra a sociedade presente. A crítica materialízase, tanto en pintura, escultura, música, como en literatura, nunha evidente arela rupturista. Rexéitanse as normas e preceptos que dominaron a actividade artística desde o mundo grecolatino. A pretensión da arte era reflectir, reproducir, imitar a realidade. Isto non será xa o obxectivo do noso século.

As novas formulacións vanse reflectir nos Ismos, representantes da ruptura definitiva co pasado.

#### ***Ismos***

Durante a 1ª metade do s. XX -entre 1910 e 1940- a cultura europea coñeceu unha rápida sucesión de movementos estéticos coñecidos polo nome de Ismos. Podemos abstraer algunhas características comúns a todos eles.

- \* Actitude crítica.
- \* Reinterpretación da realidade (non ten por que ser reproducida "fotograficamente").
- \* O anterior leva aparelado a reivindicación da liberdade absoluta para crear.
- \* Polo que se refire aos seus medios de difusión, a maioría dos Ismos déronse a coñecer a través de Manifestos, nos que expoñían as súas ideas sobre a cultura.

Os Ismos de maior transcendencia na literatura mundial iniciáronse na segunda década deste século.

#### **O Cubismo**

Naceu en Francia como escola pictórica (Bracque, Picaso) polo ano 1906. As súas primeiras manifestacións, no eido literario, aparecen en 1913. Destacan

Guillaume Apollinaire e Pierre Reverdy. Consiste na descomposición e recomposición intelectual da realidade, case sempre en formas xeométricas.

Na literatura os principios do Cubismo amósanse en tres aspectos principais:

- \* Construción dun universo poético propio, con alusión a conceptos lineais e espaciais.
- \* Disposicións tipográficas inusitadas, iniciadas polos Calligrammes (os versos dispóñense no papel de modo que representen un obxecto -reloxo, gravata, surtidor...-, normalmente o aludido polo poeta) de Apollinaire
- \* Distorsións sintácticas que amosan o sistema recompositivo da pintura.

## **Futurismo**

Xorde en Italia en 1910, cando Marinetti lanza o seu Manifesto Futurista. Nel manifesta o seu antitradicionalismo e antimoralismo. Á tradición opón a técnica; á moral, a luxuria; ás bibliotecas, a guerra. Na literatura, o futurismo maniféstase en temas e procedementos estilísticos. Nos temas, asistimos á loanza dos avances técnicos e industriais. Un poema pode estar dedicado a unha lámpada.

No estilo buscan o dinamismo e a rapidez verbal, simplificando a sintaxe e eliminando os adxectivos. Na tipografía introducen novos elementos, como símbolos matemáticos ou fórmulas científicas.

## **Dadaísmo**

Aparece como consecuencia do estado de ánimo creado en Europa despois da 1ª Guerra Mundial. O romanés Tzara inicia este movemento nunha reunión con outros artistas en Laussanne mentres corría o ano 1918. Representa a ruptura absoluta coa sociedade que provocou a 1ª “Gran Carnicería”. O Dadaísmo ataca a todo e a todos, desde a ciencia aplicada ao exterminio humano, á literatura ao servizo da propaganda e do embrutecemento das xentes. “Dadá non significa nada”, afirma Tzara. O Dadaísmo debe aniquilar mediante o caos; non cre en si mesmo, nin pretende ser lóxico. A finalidade derradeira de Dadá radica na abolición das formas feitas, de todo o herdado.

## **Ultraísmo**

Con este nome coñécese o movemento español que recolle e sintetiza os Ismos Europeos. O seu principal teórico foi Guillermo de Torre. Os poetas ultraístas pretendían:

- \* Primar, por riba de todo, a imaxe e a metáfora como valores principais do poema.
- \* Abolir esquemas métricos que condicionaban a liberdade creativa
- \* Rexeitar o subxectivismo.

## **Creacionismo**

O seu iniciador foi o poeta chileno Vicente Huidobro e ten moitos puntos de contacto co Cubismo e co Ultraísmo. Partindo da independencia entre arte e natureza, consideran o poema como unha realidade en si mesma, que o poeta crea. Polo tanto o autor aseméllase a un deus, pois crea o seu propio mundo. O poema componse de imaxes en libre asociación, sen preocuparse da súa lóxica, nin das súas relacións no plano extraliterario.

## **Surrealismo**

No ano 1924 André Breton lanza o Manifesto Surrealista, abrindo un dos vieiros estéticos máis fecundos do século XX. Este Ismo parte do acatamento das teorías da psicanálise de Freud (análise das tendencias afectivas reprimidas, para coñecer mellor

a personalidade psíquica do enfermo). Os surrealistas mediante a liberalización do inconsciente pretenden chegar á dimensión verdadeira e irrefutable do pensamento humano. Na literatura conseguen este obxectivo a través da “escritura automática” ou, o que vén sendo o mesmo, do deixar fluír libremente as palabras no papel en branco.

### **As vangardas Galegas**

En Galicia conflúen ademais do coñecemento dos Ismos e da súa ansia rupturista, os condicionantes dunha cultura minorizada. Estes condicionantes levan aos nosos autores a unha valoración e a un respecto pola obra dos devanceiros descoñecida na actitude das vangardas veciñas. No período de máxima actividade vangardista aparecen numerosas revistas de creación, nas que recollen con espírito cosmopolita os últimos poetas innovadores. Alfar foi unha das máis destacadas; Ronsel, publicada en 1924, garda certas concordancias con Alfar. Entre os manifestos vangardistas debemos destacar o de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro: “Máis alá”.

### **Neotrobadorismo**

A edición de Cantigas de Amor, 1928, polo portugués José Joaquín Nunes. Isto provoca unha pequena conmoción no ambiente literario da época e ofrece novos argumentos a prol da conciencia diferencial galega. O pasmo que a lírica medieval produce nos autores novos trae consecuencias inmediatas: moitos deles viaxarán axiña cara a nova traizón, elaborando as súas composicións de acordo coas estruturas das cantigas de amor e amigo. Na maior parte dos poetas a adaptación aos vellos modelos faise desde unha intención renovadora, evitando a simple imitación. Os esquemas métricos e os recursos propios das cantigas mantéñense con notable perfección, pero a linguaxe poética é xa a do século XX. Bouza Brey, é o principal representante do neotrobadorismo.

### **Hilozoísmo**

Tamén chamado Imaxinismo. Este movemento é o resultado da confluencia da tradición, por unha banda, e da renovación vangardista, por outra. A tradición amósase no tema, pois non será outro que o da paisaxe. A natureza amósase viva, sensible, con alma de seu. Os elementos aparecen humanizados.

Amado Carballo, é o máximo representante desta escola. Da vangarda tomou Amado Carballo o tratamento da imaxe ultraísta, empregada de seguido.

### **Creacionismo**

Manuel Antonio como poeta é o único representante deste Ismo en Galicia. Creación dunha realidade autóctona e persoal no poema. Como propugna no seu manifesto, vai “ máis alá”. El bebe en todos os ismos, sen limitacións. Así pois, posiblemente Manuel Antonio non sexa un creacionista puro.

### **Surrealismo**

Álvaro Cunqueiro como poeta surrealista en dúas das súas obras. Nalgunha ocasión inclúise a Manuel Antonio dentro deste movemento.

### **Autores**

#### **Luís Amado Carballo (1901-1927)**



Luís Amado Carballo é o creador dunha tendencia vangardista ligada á paisaxe, o **hilozoísmo**, ou **imaxinismo**, pola importancia que teñen as imaxes. Creou escola e tivo moitos seguidores. En vida só



publicou un libro, *Proel* (1924). Postumamente publicárase *O galo* (1928) a partir da escolla realizada da súa obra inédita por Rafael Dieste e Manuel Antonio.

Na súa poesía vai manter elementos tradicionais sen presenza da figura humana (rima, estrofas, coherencia Tóxica, temática mariñá ou aldeá), e renovadores (metáforas ultraístas, estranxeirismos léxicos). Hai unha estilización da paisaxe na que a natureza cobra vida e se mostra humanizada, cunha abundante presenza de personificacións. Hai tamén certa distancia sentimental ao non haber elementos humanos e ao sorprendernos con figuras inusuais.

Así como foi unha poesía que chamou a atención no seu tempo, hoxe en día resulta un pouco trasnoitada, a diferenza da poesía de Manuel Antonio ou Álvaro Cunqueiro.

### **Fermín Bouza Brey (1901 - 1973)**



Naceu en Pontearreas. Publicou soamente dous breves volumes:

- Nao senlleira, 1933
- Seitura 1955

É o iniciador principal do Neotrobadorismo. As súas composicións de amigo denotan unha madura asunción das técnicas trobadorescas. O tema do amor funciona a maneira do pretexto lírico para darlle matices innovadores a cada composición.

A súa poesía resalta tamén polo perfeccionismo e coidado formal que manifesta, o que ás veces trae como consecuencia unha excesiva rixidez rítmica.

### **Manuel Antonio (1900-1930)**

Naceu en Rianxo, comeza o período da práctica no pailebote, Constantino Candeira: froito destas navegacións, nace a súa obra principal: "De Catro a Catro". Na súa primeira obra "Con anacos do meu interior", observamos certos lugares comúns con poemas posteriores. "Foulas", neste poema vemos a preocupación do poeta polo sentido do tempo que nos acaba levando a nada.

"De catro a Catro" (1928), si que manifesta Manuel unha forte coherencia temática. O eixo xira ao redor da vivencia interiorizada do mar. Nel proxecta Manuel as súas angueiras existencias, os seus sentimentos de mariño en longa travesía. Deste xeito asistimos a transformación do mar real, que se converte en de catro a catro nun universo persoal. Como xa afirmara Otero Espasandín en 1928, o de Manuel é un océano puro, un mar sen praias nin ribeiras, un mar non visto aínda por ninguén. Co seu poemario abre o camiño da modernidade na poesía galega. A preocupación de Manuel Antonio por coñecer as vangardas que se estaban desenvolvendo en Europa nas dúas primeiras décadas do século XX vai facer que este lle demande a Vicente Risco e a Castelao información para estudalas. É o único libro que publicou o autor en vida



En "De catro a catro" existe unha pegada do creacionismo, o poeta non imita a natureza, crea unha distinta. Son dezanove poemas que forman unha unidade: o primeiro poema é "Intencións", o que pretende coa navegación, e o derradeiro será "Adeus", xa de novo en terra. Na parte central son poemas vividos desde o mar ou con algunha parada en porto: "Recalada", "Navy Bar". Pertencen á chamada vangarda cubista-creacionista, todos os poemas carecen de ritmo e rima e mesmo de puntuación. Están estruturados como imaxes xustapostas (como nos poemas cre-

acionistas) nas que chega a perderse a relación coa realidade á que está referida pola acumulación de metáforas polipétalas (varias metáforas mesturadas).

“Sempre e mais despois” e “Viladomar”, 1928, son os seus últimos libros de carácter menos innovador que o anterior.

### **Álvaro Cunqueiro (1910-1981)**

É un dos autores máis importantes da literatura galega como poeta, narrador e dramaturgo. Poeta vangardista antes e despois da guerra, a súa obra en prosa eclipsou a súa obra en verso até que no ano 1980 publicou a obra completa (poesía e teatro). Como poeta vai influír a partir de *Herba aquí e acolá* (1980) nos novos poetas dos oitenta.

Iniciara o seu labor poético con *Mar ao norde* (1932), na época do Seminario de Estudos Galegos en contacto con artistas como Luís Seoane, que será o ilustrador dos seus libros.



Nesta obra homenaxea a Manuel Antonio na temática marítima e no emprego de imaxes cubistas. Anúnciase un poeta orixinal, creador de breves poemas, que lembran os haikús xaponeses. A lingua está tan liberada que leva á abstracción surrealista.

O seguinte libro será *Poemas de si e non* (1933), poemario de amor de claro estilo surrealista, aínda que a orixinalidade está garantida pola inxenuidade do tratamento. Neste mesmo ano publica *Cantiga nova que se chama riveira*. É o libro máis valorado desta época, sitúase dentro da chamada poesía neotrobadoresca, pola utilización dalgúns recursos das cantigas de amigo (estrutura, léxico). Elimina elementos narrativos do poema e libera a lingua e a imaxinación a través de imaxes surrealistas de grande suxestión.

Na posguerra publica *Dona do corpo delgado* (1950). Este libro ten unha sección na que recrea de novo a poesía trobadoresca, noutra sección insire poemas culturalistas nos que recrea personaxes e historias tomadas da literatura universal, da mesma maneira que o fai noutras obras. Hai poemas onde aparece unha visión nostálxica da vida que terá maior presenza no seguinte libro.

Moitas das súas poesías que foran aparecendo publicadas en revistas e xornais recolleunas en 1980 o poeta Miguel González Garcés e foron publicadas co nome de *Herba aquí ou acolá*, ás que se incrementarán novos poemas a partir da edición de Xosé Henrique Costa en 1990.

Cunqueiro tiña o costume de facer poemas cos personaxes da súa obra narrativa, de al que as figuras de Ulises, Penélope, Dafne... sexan tratadas cunha visión irónica e subxectiva, ao tempo que son desmitificadas e humanizadas nos seus poemas. É destacábel na súa poética a visión nostálxica que se mostra da vida e a aceptación serea que se fai da morte.

### **Outros autores**

#### Vinculados co Hilozoísmo:

Xulio Sigüenza

Florencio Delgado Gurriarán

Ángel Sevillano

Augusto María Casas

#### Os cultivadores de Neotrobadorismo:

Xosé Díaz Jácome

Eduardo Blanco Amor

Federico García Lorca, cos seus seis poemas galegos  
Manuel Casado Nieto  
Xosé Velo  
Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez

Influídos polo ultraísmo español:  
Euxenio Montes  
Evaristo Correa Calderón

### 9.3. A Prosa

#### 9.3.1. A prosa das Irmandades

##### **As novelas curtas: *Céltiga* e *Lar* (1919-1928)**

Facendo un diagnóstico da situación da literatura galega, as Irmandades da Fala detectan a necesidade dun teatro e dunha prosa en galego desenvolvidos. Falta unha visión máis aberta das temáticas a tratar na creación literaria, e falta tamén unha consolidación do escritor en galego así como dos lectores. Ademais, non se contaba cunhas empresas editoriais que potenciasen o libro en galego.

Para paliar esta situación, creáronse en varios puntos de Galiza, dunha maneira case simultánea, coleccións de novelas curtas que se distribuían xunto con xornais, ou se venderían quincenal ou mensualmente nas librarías. Algunhas coleccións duraron pouco. ¡**Terra a Nosa!** na Coruña, **Alborada** en Pontevedra, **Libredón** en Santiago tiveron pouca fortuna.

Mellor sorte tivo **Céltiga** (1921-1923) en Ferrol, dirixida por Xaime Quintanilla e Ramón Villar Ponte, que editou trece números. Colaborarán artistas coñecidos nas capas. Algunhas eran obras de teatro. Unha das novelas máis coñecidas desta colección foi *Un ollo de vidro* (1922) de Castelao.

A colección que vai ter maior duración e transcendencia vai ser *Lar* (1924-1928), dirixida por Leandro Carre e Ánxel Casal, que se constituirá en editora e vai ser a antecesora da Editorial Nós. Chegarán a publicar corenta números. Nos propios libros infórmase das dificultades de contar con novelas novas, así como da difícil distribución e difusión das obras nas librarías daquel entón, que non valoraban a produción literaria en galego, que vían como algo exótico. Nela colaborarán os máis veteranos escritores, entre os que estarán os membros da **Xeración Nós**, e xente moza do **Seminario de Estudos Galegos** (Xosé Filgueira Valverde, Xulián Magariños Negreira, Luís Amado Carballo...)

As características destas obras son a súa curta extensión (menos de 50 páxinas), unha trama sinxela e de ambiente urbano e moderno, e mesmo poden ser fantásticas.

O que se conseguiu dunha maneira definitiva foi crear as bases dunha novelística galega que daría froito inmediatamente con autores da talla de Castelao, Otero Pedrayo e Risco.

#### **O ensaio**

As Irmandades da Fala van potenciar a lingua galega de modo distinto a como o fixeron os rexionalistas. O elemento étnico celta como definidor específico de Galiza dentro do contexto español das xeracións anteriores (Vicetto, Murguía, Brañas) vaj deixar paso á lingua como valor supremo dunha cultura diferenciada, que haberá que potenciar con publicacións como *A Nosa Terra* (1916), voceiro das

Irmandades, e a revista *Nós* (1920), entre outras. O desenvolvemento da prosa, que case non contaba con tradición, farase a pesar de carecer das ferramentas necesarias, dicionarios e gramáticas, con grande imaxinación e bo sentido persoal respecto da escolla de léxico culto e científico.

### **Xoán Vicente Viqueira (1886-1924)**

É un dos autores das Irmandades da Fala cuxa temperá morte truncou un dos proxectos máis interesantes da súa xeración. As súas colaboracións en *A Nosa Terra* son de grande interese para a creación dunha prosa xornalística en galego. Escribe cun estilo moi moderno e actual. A súa formación intelectual e filosófica, en Madrid na Institución Libre de Enseñanza e en diversas cidades alemás (Berlín, Leipzig...) e francesas, levouno a publicar ensaios divulgativos sobre a realidade galega e o seu futuro. Outras das súas preocupacións foron a necesidade da aproximación ortográfica cara o portugués, e o ensino secundario e universitario. Foi o redactor xunto con Risco do "Plan pedagóxico prá galeguización na escola", no cal se defende un ensino galego.

### **Seminario de Estudios Galegos (1923)**

Os mozos galeguistas e universitarios Lois Tobío, Xosé Filgueira Valverde, Ricardo Carvalho Calero, Xulián Magariños Negreira entre outros, deciden crear unha institución destinada ao estudo científico da realidade galega. Fano no 1923, nunha viaxe a Ortoño, onde vivira de pequena Rosalía de Castro coa familia paterna, acompañados por profesores como Armando Cotarelo Valledor, que será o seu primeiro presidente.

Desenvolverán diferentes seccións: historia, etnografía, arte, dereito, literatura e lingüística, xeografía, xeoloxía e ciencia. Para entrar a formar parte do Seminario, tiñan que presentar un traballo de investigación, en galego maioritariamente, individual ou en equipo, como por exemplo o da *Terra de Melide*. Axudaron a crear o ensaio científico en galego. Os traballos serán publicados nos *Arquivos* do SEG, na revista *Nós* ou en libros independentes.

O **Seminario de Estudos Galegos** foi o encargado de redactar no ano 1931 o primeiro proxecto de Estatuto para Galiza da nosa historia, nun texto articulado, que nos seus primeiros títulos diseña o "Estado Galego" e propón un modelo de república federal. As Cortes republicanas non admitiron este texto e houbo de iniciarse un novo proxecto autonomista que será promovido polos concellos galegos no ano 1932 e plebiscitado no 1936, *pouco* antes do golpe militar. O Seminario é entón declarado ilegal no inicio da guerra, espoliado parte do seu patrimonio e prohibidas todas as súas actividades.

#### **9.3.2. O Grupo Nós**

Fórmanse en Ourense ao redor da revista que dá o nome ao grupo. O proceso polo que pasaron os seus compoñentes ata chegaren ao galeguismo aparece reflectido en dous ensaios e unha novela.

Os ensaios son:

- *Nós os inadaptados*, Vicente Risco.
- *Dos nosos tempos*, Florentino Cuevillas

A novela é:

- *Arredor de si*, Otero

A súa formación cultural situábase moi por encima dos outros xoves intelectuais. Participan nas Irmandades da Fala. Fundan en 1920 a revista *Nós* que, pasaron por diversos avatares, chega ata 1936. Na revista acóllese, con rigor e brillantez, a arqueoloxía, a historia, a etnografía, a creación literaria. A prosa e o ensaio acadan un nivel nunca antes conseguido.

### **Obxectivos**

1. Sentimentos de ter unha tarefa que cumprir: crear para sempre a cultura galega
2. Mesianismo: tiñanse por impulsores de todo o pobo e tiñan unha fe cega na vitalidade da nosa raza, confiando na eficacia do seu esforzo para levalo a cabo.
3. Pluralismo ideolóxico: síntese das ideas progresistas e liberais e tamén tradicionalistas, fundidas nun nacionalismo idealista e espiritualizado
4. Desexo de espallar polo mundo a esencia galega: relacionar galego con universal.

### **Características**

1. Pertencen á clase media, sen problemas económicos o que lles facilitará o acceso á cultura.
2. Teñen unha formación intelectual profunda: pódese dicir que son a elite cultural do país. Combinan investigación científica con literatura. Risco, etnógrafo. Otero, xeógrafo. Cuevillas, prehistoriador. Viqueira, psicólogo e pedagogo.
3. Chega tardiamente ao nacionalismo, en tres etapas:
  - 3.1. Ata 1917, desvencellados da preocupación nacionalista
  - 3.2. De 1917 a 1936, *Nós* actúa como crisol dos seus traballos
  - 3.3. 1936, exilio, morte ou o forzado silencio, rompen a unidade do Grupo.

### **9.3.2.1. Narrativa**

#### **Vicente Risco**

##### **Vida**

**Vicente Martínez Risco e Agüero** naceu en Ourense en 1884. Veciño de Otero, ambos tiveron unha formación similar. En 1906 licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago. Tras un período como funcionario de Facenda en Ourense, trasladouse a Madrid para estudar na Escola Superior de Maxisterio. Volveu a Ourense en 1916 e foi profesor de Historia na Escola Normal. En 1917 fundou *La Centuria*, revista elitista feita en castelán. Animados por Losada Diéguez, Otero e el ingresaron nas Irmandades da Fala.

No ano 1920, fundou a revista *Nós* e publicou a *Teoría do nacionalismo galego*. Coa chegada da ditadura de Primo de Rivera en 1923, triunfou a opción culturalista, preconizada por Risco, no seo do nacionalismo galego, xa que a actividade política estaba reprimida.

En 1930 fixo unha viaxe a Centroeuropa para estudar etnografía e folclore. A experiencia foina publicando en *Nós* e máis tarde fixo un ensaio sobre ela titulado *Mitteleuropa* (1934). Nese texto obsérvase un Risco medoñento das masas populares e defensor de ideas conservadoras católicas e antisocialistas.

Fundou con Otero o Partido Nacionalista Republicano, que despois se integrou no Partido Galeguista. Deixou este partido en 1936 para non ir coligado coa Frente Popular, pois o seu conservadorismo relixioso e político impedíalle unirse cos elementos máis esquerdistas dela. Os escindidos do Partido Galeguista, encabezados por Risco e Filgueira Valverde, crearon Dereita Galeguista. Ao comezar a Guerra Civil



abandonou o galeguismo e incluso xustificou, en artigos de prensa, a guerra de Franco. Malia a súa claudicación no uso do galego despois da Guerra Civil, colaborou na *Historia de Galicia* dirixida por Otero Pedrayo e publicou *Lería* (1961), libro de ensaios anteriores. Continuou exercendo como profesor na Escola Normal e morreu en Ourense en 1963.

### Evolución ideolóxica

Risco, que era un ideólogo, atopou no ensaio o mellor vehículo para plasmar o seu didactismo. Na súa evolución ideolóxica e persoal distinguimos tres etapas:

**Unha etapa non galeguista** (ata 1920) que explicou el mesmo no ensaio *Nós, os inadaptados* (1933), onde analizou a evolución ideolóxica do chamado Cenáculo ourensán. Naquela época, Risco estaba interesado polas filosofías orientais, polo exotismo, polo decadentismo finisecular e polo cosmopolitismo.

**Unha etapa galeguista** (1920-1930) que comezou co ensaio *Teoría do nacionalismo galego* (1920), no cal explicou as súas teorías sobre o nacionalismo galego baseadas na lingua, na terra e na raza.

**Unha etapa non galeguista** que se iniciou coa súa viaxe por Centroeuroa en 1930 e que formulou en *Mitteleuropa* (1934).

Resulta difícil interpretar os seus cambios verbo da cuestión nacional. Canto á súa conversión ao nacionalismo, algúns pensan que Risco era un *snob* e que foi a moda a que o guiou cara ao nacionalismo e quen o levou a deixalo, máis tarde, sen ningún problema; outros autores cren que se converteu ao galeguismo para reconducilo e así mobilizar as masas populares en contra dos movementos esquerdistas e laicos, os cales querían extinguir os privilexios clasistas, que el defendía e que imperaban na sociedade tradicional. En canto ao seu abandono da ideoloxía galeguista, algúns historiadores cren que o fixo porque se deixaba guiar polas modas, como xa dixemos; outros pensan que renegou das súas ideas por mor do medo que debeu sentir naqueles difíciles momentos unha persoa tan medorenta coma el; probablemente, entre a relixión e o galeguismo escolleu a relixión, e con ela o bando que se opoñía ao materialismo e ao marxismo.

### Narrativa

*Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros* (1919) é un **relato esotérico** sobre o mundo de ultratumba, feito con humor e elementos modernistas como o ocultismo e o orientalismo. Nel, o doutor Alveiros, coa axuda dos seus saberes ocultistas, logra liberar das vendas a momia de Tutankamon.

En 1925 publicou na colección Lar dúas **narracións breves** que aproveitaban o seu coñecemento etnográfico das lendas populares: *O lobo da xente* e *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*. Na primeira, unha moza transfórmase en lobo por mor da maldición da nai. A segunda recrea lendas sobre mouros e celtas e presenta a redención de Galicia coma a unión da raza celta e o bautismo cristián.

En *A Coutada* (1926), concibida en forma de diálogo, Risco defende dun xeito parabólico que os fidalgos volvan aos seus pazos (A Coutada, no texto) e asuman a súa responsabilidade histórica en vez de degradarse na vila.

*Os europeos en Abrantes* (1927) la ser unha novela satírica en contra dos homes de talento (psíquicos, segundo a súa terminoloxía) da súa cidade natal, pero Risco só publicou uns cantos capítulos en *Nós*.

Na súa obra capital, *O porco de pé* (1928), Risco, valéndose da omnisciencia autorial (un narrador que o sabe todo e que ademais xulga e dá opinións), constrúe **unha novela satírica e didáctica**, síntese do seu pensamento aristocratizante, contra o ascenso da burguesía, carente de cultura e espiritualismo. Na obra, don Celidonio, vulgar comerciante maragato e símbolo da burguesía, chega a ser alcalde de Auria



(trasunto de Ourense). O doutor Alveiros é o seu antagonista espiritual, pero acabará cedendo ante os discretos encantos da vida burguesa. No final da novela arde a Biblioteca Municipal mentres a cidade lle rende homenaxe ao seu alcalde D. Celidonio, prototipo de home vulgar ou *hylico*. Os personaxes aparecen caricaturizados por medio de diferentes recursos estilísticos: enumeracións, hipérboles, cousificacións, animalizacións, etc. A novela rompe coa estética naturalista e coas regras de verosimilitude (por exemplo, o demo aparéceselle ao doutor Alveiros e aconséllao). Aínda que a narración avanza linealmente, o narrador coloca moitas accións nunha certa indefinición temporal.

### Características da súa obra

Risco **anovou os contidos** da narrativa galega ao incorporar temas urbanos (*O porco de pé*) e exóticos (*Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*) e ao reescribir temas populares adaptándoos aos seus propósitos (relatos de Lar).

Foi un narrador didáctico que pretendeu integrar a cultura galega dentro da europea e criticar a sociedade consumista e burguesa, que el denigraba desde o seu individualismo aristocratizante. Ese didactismo explica que as digresións ocupen nas súas narracións moito espazo en detrimento da historia argumental ou trama.

Pero os seus valores literarios salvan a súa literatura do sermón e do moralismo e evitan que incorra nos peores vicios da literatura didáctica. A crítica sinalou na súa prosa estes valores: o humor, a claridade, a ironía, a agudeza e a xusteza expresiva.

### Ramón Otero Pedrayo

- **A súa vida** (Ourense, 1888 - Trasalba, 1976)

Ramón Otero Pedrayo naceu en Ourense o 5 de marzo de 1888. Fillo dunha familia burguesa liberal, segue estudos universitarios en Santiago e Madrid onde acada a licenciatura de Dereito e o doutoramento en Filosofía.

Mantén amizade dende a infancia con Vicente Risco e con Cuevillas. No ano 1918 intégrase plenamente na causa galeguista na que milita na política activa (foi deputado polo Partido Nacionalista Republicano entre os anos 1931 e 1933) e tamén no eido cultural colaborando coas Irmandades e co Seminario de Estudos Galegos.

Trala Guerra Civil, Otero Pedrayo, que sempre permanecería fiel aos principios galeguistas, é expedientado e expulsado da cátedra de instituto que exercía en Ourense.

No ano 1950 gaña por oposición a cátedra de xeografía da Universidade de Santiago, cargo no que permanecería ata a súa xubilación en 1958. Ata a súa morte, ocorrida no seu pazo de Trasalba no ano 1976, Otero Pedrayo asumiu o seu papel de concienciador das novas xeracións de mozos e mozas galeguistas e foi considerado o patriarca da cultura galega.

Ramón Otero Pedrayo foi un home de gran cultura e obra moi ampla e diversa que exerceu unha enorme influencia en escritores posteriores.



- **A súa obra**

- a) **O relato breve e o conto**

Otero Pedrayo inicia o seu labor na narrativa de ficción cultivando **o relato breve**:

- *Pantelas, home libre* (1924), presenta xa elementos que serán unha constante na súa narrativa: a identificación do home galego coa paisaxe e a crítica á decadente fidalguía por abandonar as responsabilidades de liderado que a tradición lle outorgaba.

- *O purgatorio de don Ramiro* (1926), supón a contribución de Otero ao humor macabro que iniciara Vicente Risco.
  - *Escrito na néboa* (1927), é un primeiro achegamento ao retrato do mundo interior do protagonista que despois volvería a tratar na novela *Arredor de si*.
  - *Vidas non paralelas* (1930), é o retrato de tres tipos masculinos: o espiritual, o materialista e o intelectual.
- Tamén cultivou o **conto**:
- *Contos do camiño e da rúa* (1932).
  - *Entre a vendima e a castañeira* (1957).
  - *Contos de Santos e Nadal* (publicados postumamente).

## b) A novela longa

### A súa casa natal



Mais, a principal contribución de R. Otero Pedrayo á literatura galega son as súas novelas longas, que supoñen a definitiva incorporación da prosa galega á modernidade. Nelas atopamos por primeira vez en galego técnicas narrativas propias da novela do século XX: monólogo interior, estilo indirecto libre, alteración da estrutura lineal narrativa, mestura de xéneros, etc.

- *Os camiños da vida* (1928), construída como unha triloxía, amósanos a sociedade galega do século XIX en transo de transformación, a decadencia das familias fidalgas e a desfeita do modo tradicional de vida.
- *Arredor de si* (1930), novela na que retrata á súa xeración e na que o protagonista, ao tempo que realiza unha viaxe exterior por Europa, leva a cabo unha viaxe interior na procura da propia identidade.
- *Fra Venero* (1934), narra a conversión ao catolicismo dun escritor luterano do século XVIII.
- *A Romaría de Xelmírez* (1934), é unha novela histórica de ambiente medieval, na que se narra a viaxe deste bispo a Roma para solicitar a dignidade de arcebispado para Compostela.
- *Devalar* (1935), ten á propia Galicia como protagonista e consta dunha serie de cadros que forman xuntos un mosaico representativo da realidade galega.
- *O Mesón dos ermos* (1936), está ambientada na montaña e retrata a vida da aldea e a paisaxe cunha forza expresiva inusitada.
- *O señorito de Reboraina* (1960), é unha caricatura da fracasada figura do fidalgo decimonónico.

## Castelao

### Vida

**Alfonso Daniel Rodríguez Castelao** naceu en 1886 en Rianxo, fillo dun modesto patrón pesqueiro, que despois rexentaría un comercio na Pampa arxentina. Castelao emigrou alí dos dez aos catorce anos. Ao regresar a Galicia, estudou o bacharelato, a carreira de Medicina en Santiago e o doutoramento en Madrid.





El dixo unha vez que se fixera médico por amor a seu pai, pero que decidiu non exercer a medicina por amor á Humanidade. Obtivo praza por oposición no Instituto Xeográfico e Estatístico de Pontevedra. Nesta cidade desenvolveu un importante labor cultural e tamén foi auxiliar da Cátedra de debuxo no Instituto.

Castelao **evoluciona desde o conservadorismo ata o galeguismo pasando polo agrarismo**. Entrou neste da man de Basilio Álvarez, a quen coñecera en Madrid, e, máis tarde, ao fundárense as Irmandades da Fala, integrouse nelas. En 1926 ingresou como membro na Real Academia Galega. Foi deputado nas Cortes constituíntes da II República e fundador do Partido Galeguista. Por mor da súa actividade política foi desterrado a Badaxoz en 1934.

Ao estoupar a Guerra Civil, Castelao atopábase en Madrid para entregarlle ao presidente das Cortes o texto do Estatuto de Galicia, que se acababa de aprobar en referendo. Fiel á República, non puido regresar a Galicia. Foi ministro da República no exilio en 1945 e iso serviulle para constatar o centralismo do goberno republicano exiliado, a pesar de carecer de poder real.

Despois de viaxar a Moscova, Nova York e Cuba para facer propaganda a prol da República e para expoñer a súa obra gráfica, fixou en 1946 a súa residencia en Bos Aires. Alí morreu en 1950 despois de liderar non só a resistencia política galeguista senón tamén a cultural, organizando todo tipo de empresas e actividades culturais: actos políticos, conferencias, etc. En 1984 os seus restos mortais foron trasladados a Galicia, pois el pedira ser enterrado en Pontevedra. Actualmente repousa no Panteón de Galegos Ilustres de Santiago de Compostela.

### Castelao, home polifacético e artista integral

Castelao foi ademais de literato, conferenciante, político, debuxante, pintor, caricaturista e escenógrafo.

Como **literato** escribiu prosa de ficción (unha noveliña, contos breves con ilustracións, contos e unha novela), teatro (*Os vellos non deben de namorarse*) e ensaio. Dos seus ensaios destaca *Sempre en Galiza* (1944), diario ideolóxico galeguista que consta de catro partes e un prólogo. Neste libro Castelao tratou de defender a Galicia e de convencer aos republicanos españois da causa galeguista para que abandonasen as súas ideas antifederalistas. O nacionalismo era o seu principio ideolóxico reitor, e a nación, o axente histórico principal. Castelao sustentou o seu concepto de nación na lingua e tamén na cultura e na cosmovisión que se transmitía con elas.

Como **político** encabezou o movemento nacionalista, tanto dentro de Galicia coma no exilio, para defender os intereses da nación galega, a cal segundo el se achaba oprimida por falta de autogoberno. A súa coherencia impeleuno a aceptar o desempeño de cargos políticos, para os cales non se sentía especialmente chamado.

Castelao usou a súa obra literaria, a súa obra plástica e o seu traballo político para liberar o pobo galego da inxustiza en que vivía. E iso valeulle ser un símbolo e un **mito** do pobo galego.

### Narrativa

*Un ollo de vidro* (1922) é a súa primeira obra narrativa e saíu na colección Céltiga. Nesta breve **novela fantástica**, un esqueleto, que ve por un ollo de vidro, conta as súas memorias. As distintas historias teñen como elo unificador a presenza do mesmo narrador que adoba os seus relatos de ultratumba con humor e sátira anticaciquil.

*Cousas*, publicada en dúas partes en 1926 e en 1929, constitúe un xénero literario inventado por Castelao que **combina o debuxo e o texto**. Podemos considerar a *cousa* coma unha unidade que mostra unha realidade complexa e na cal a ilustración ilumina o texto. O resultado é unha prosa rítmica e sinxela.

*Retrincos* (1934) son **cinco relatos**, ordenados cronoloxicamente, que simulan ser autobiográficos para mellor enganchar aos lectores na intriga. «O segredo» e «O inglés» están ambientados na Pampa arxentina; «Peito de lobo» corresponde á súa época de estudante; «Sabela» é unha narración da súa época de deputado en Cortes, que trata sobre o paso do tempo exemplificado nunha muller; e «O retrato» está en función do final desconcertante, que pecha o conto facendo encaixar todos os elementos narrativos. Trátase dun conto lúdico que xoga a presentar o médico protagonista nunha situación lutuosa (a morte dun neno), diminuída humoristicamente coa solicitude que se lle fai ao médico. Este xogo, amais de deixarnos un pouso de tristeza, tamén nos mostra a complexidade do ser humano, pois rímonos cunha situación que nos debería facer chorar.

*Os dous de sempre* (1934) é unha **novela** de corenta e catro capítulos contados por un narrador en terceira persoa que o sabe todo (omnisciente) e comentados por un autor implicado que opina sobre as accións que vai relatando. Cada capítulo leva unha ilustración do propio Castelao. A novela narra desde a nenez a vida de dous personaxes contrapostos: Pedro, abúlico e pasivo, e Rañolas, traballador e activo. Rañolas realiza unha peripecia vital parecida á dos pícaros: desde unha condición humilde consegue unha certa posición social como reloxeiro. Non obstante, Rañolas difire do típico pícaro en que se suicida, cando alcanzou as súas apetencias materiais, para non aturar a realidade asoballante ou para liberarse da escravitude do traballo.

### Características da súa obra

En tanto que artista integral, Castelao mesturou texto e plástica. Moitas das súas obras narrativas ían acompañadas de debuxos ilustrativos e inventou un xénero literario: as cousas.

A coidadosa elaboración formal da súa prosa non descoidou o compromiso ético cos seres humanos máis humildes do pobo galego. Consciente dese compromiso procedeu a unha estilización dos motivos populares e niso puido residir o seu éxito. Foi un artista apreciado polas minorías e polas maiorías, xa que os lectores non cultos podían gozar dos seus textos ao presupoñer estes un lector modelo que non precisaba unha gran formación cultural para entendelos.

Buscaba a aparencia de naturalidade das súas obras, retocaba unha e outra vez e nunca improvisaba. Polo contrario, o seu estilo baseado na claridade eliminaba os adornos innecesarios e avanzaba con fluidez. Para lograr a claridade botou man dunha sintaxe simple e dun léxico preciso. **O humor**, a ironía, a tenrura e a crítica social que aparecen en case todas as súas narracións fan que a súa literatura resulte amena, profunda e denunciadora da inxustiza. Así a todo, non sempre se mostraba compracente, senón que usaba con frecuencia o humor para purificar os defectos do pobo galego, tales como a preguiza, a insolidariedade, a mesquindade, a estreiteira de miras, etc.

### Outros autores da época

#### Rafael Dieste

- **A súa vida** (Rianxo, 1899 - Santiago, 1981)



Nos anos vinte traballa como xornalista en varias publicacións viguesas. No tempo da República participa nas Misións Pedagóxicas (1933) encargándose dun teatro de monicreques para o que escribiu varias pezas. Despois do golpe militar do ano 1936

participa activamente no grupo Alianza de Intelectuais Antifascista e promove a publicación de revistas republicanas (El Mono Azul, La Hora de España, entre outras). Despois da guerra exíliase e é profesor na Universidade de Cambridge e no Instituto Tecnolóxico de Monterrey en México. Despois irá á Arxentina, a Bos Aires, onde traballa no mundo editorial e participa activamente na vida cultural da cidade, cultivando a amizade doutros exiliados como Lorenzo Varela, Luís Seoane e Rafael Alberti. No ano 1960 volta a Galicia onde ten unha intensa actividade como conferenciante. En 1970 ingresa na Real Academia Galega. Morre no ano 1981.

## • A súa obra

### A narrativa

Como narrador en galego, Dieste é autor dunha colección de contos editados baixo o título de *Dos arquivos do trasno* (1926), nos que o autor aposta pola modernización da prosa de ficción e por incorporar á literatura galega as novas técnicas do relato breve:

- 1 – O relato conta cómo o autor enganou a un home que lle solicitou un retrato do seu fillo moribundo.
- 2 – O relato conta as razóns polas que Castelao deixou de exercer a súa profesión de médico e buscou outra forma de vida.
- 3 – O relato conta cómo o autor compraceu a un pai que tiña un fillo moribundo e desexaba conservar del unha imaxe idealizada.
- 4 – O autor conta unha anécdota para explicar cómo foi que chegou a ter sona de bo debuxante.

Partindo dunhas situacións e duns personaxes inequivocamente galegos, os contos de Dieste teñen unha universalidade que transcende o ámbito puramente galego e poden chegar a interesar a lectores de calquera latitude.

Son relatos concibidos polo seu autor como unha unidade formal na que cada frase está medida en función do desenlace que se pretende e que debe estar latente ao longo de toda a historia. Como mostra temos os relatos de misterio titulados “A luz do silencio” ou “Espanto de nenos”.

Outro dos grandes atractivos desta colección de contos é a mestría coa que o seu autor mestura neles o extraordinario, o que non se explica doadamente, co cotián.

Moitos destes relatos están formulados de tal maneira que é o propio lector quen, a partir dos datos que o autor lle dá, deberá decidir se fai unha interpretación realista ou fantástica dos feitos que se narran. Esta implicación do lector é tamén outro dos trazos modernizadores da narrativa de Dieste.

En castelán Rafael Dieste é autor doutra espléndida colección de relatos breves titulada *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943).

### Moito menos innovadoras ca as dos prosistas xa mencionados resultan as obras dos seguintes escritores:

**Xosé Lesta Meis** (1887-1930) conta con técnica realista a súa estancia en Cuba na novela *Estebo* (1927). Tamén escribiu *Abellas de ouro* (1930), libro de relatos de ambiente rural, e *Manecho o da rúa* (1926), novela curta que se pode considerar como o precedente de *Estebo*.

**Manuel García Barros** (1876-1972) escribiu un libro de relatos costumistas de intención humorística titulado *Contiños da terra* (1931). En 1972 publicouse como obra póstuma a novela *As aventuras de Alberte Quiñoi*, que narra a súa infancia nos derradeiros anos do século XIX.

**Manuel Vidal Rodríguez** (1871-1941) escribiu dúas coleccións de contos de tipo tradicional: *Contos gallegos de antano e de hogano* (1920) e *Deixe que xa...* (1931).

### 9.3.2.2. Ensaio

#### **Vicente Risco:**

Ademais da produción narrativa, Vicente Risco foi autor de numerosos ensaios e artigos en revistas, salientan as súas obras:

- *Teoría do nacionalismo galego* (1920), con esta obra convértese na cabeza ideolóxica do galeguismo.
- *Nós, os inadaptados* (1933), no que explica a evolución ideolóxica do seu grupo xeracional. É unha obra fundamental para entender o espírito que guía aos homes da Xeración Nós.
- *Mitteleuropa* (1934), onde dá conta dunha viaxe súa polo centro de Europa.
- *Leria* (1961), esta obra é produto da recompilación de traballos realizados entre o anos 1920 e 1955.

#### **Otero Pedrayo:**

A obra ensaísta de R. Otero Pedrayo é ampla e variada e sempre ten a Galicia como centro. Entre outros moitos, os seus ensaios máis coñecidos son os seguintes:

- *Ensaio histórico sobre a cultura galega* (1939), dedicado á historia.
- *Síntese xeográfica de Galicia* (1926), dedicado á xeografía.
- *Polos vieiros da saudade* (1952), é un libro de viaxes.
- *O libro dos amigos* (1953), de carácter biográfico.
- *O espello no serán* (1966), dedicado a glosar vivencias e lugares da cidade de Santiago.

O polifacético escritor tamén se interesou pola poesía, aínda que de maneira ocasional e sen facer neste xénero contribucións novidosas á literatura galega. Os seus poemas foron recollidos no libro titulado *Bocarribeira*, que foi publicado no ano 1958.

#### **Castelao:**

Ó longo da súa vida, Castelao participou en numerosos mitins e deu moitas conferencias e discursos nos que formulou o seu pensamento estético e político.

As súas concepcións artísticas pasan por salientar un sentido do humor especificamente galego e unha arte que, inspirándose nas formas populares, acade proxección universal. Este pensamento estético atópase materializado en libros como *As cruces de pedra na Bretaña* (1930) e *As cruces de pedra na Galiza* (1948).

O seu pensamento político quedou sintetizado no libro *Sempre en Galiza*, que foi publicado en Bos Aires no ano 1944. Este texto, considerado durante moitos anos como unha especie de “biblia” do galeguismo, recolle composicións feitas ao longo de nove anos que foron redactadas con fins políticos diversos e dirixidas a públicos diferentes. A unidade do libro vén dada polo seu obxectivo constante que é o afán de servir a Galicia dende a actividade política e en calquera circunstancia.

### 9.3.2.3. Xornalismo

A revista *Nós* naceu en Ourense en 1920 supervisada por Risco; máis tarde, publicouse en Pontevedra, A Coruña e Santiago. Nela colaboraron Otero, Cuevillas, Castelao e Cabanillas e, co tempo, fóronse incorporando escritores máis novos, como Cunqueiro, Blanco Amor, Carballo Calero, Bouza Brey, etc. Agás un breve período duns dous anos, durante a ditadura de Primo de Rivera, a revista saíu con bastante puntualidade entre 1920 e 1936.

Nós levaba o subtítulo de «Revista mensual da cultura galega» e creouse para divulgar as ideas do grupo e espallar a ideoloxía nacionalista. Nela couberon artigos literarios, etnográficos, folclóricos, arqueolóxicos e, en menor medida, de política e economía.

En historia pénsase que en toda actualidade as distintas xeracións coexistentes, demarcadas nun tramo non superior a quince anos, manteñen relacións coincidentes ou polémicas. O método das xeracións consiste en proxectar esta estrutura sobre o pasado para poder imaxinar desde dentro a loita entre varias xeracións nun determinado corte sincrónico. O concepto de xeración entrou primeiro na historiografía literaria castelá e, máis tarde, na galega, ao cuñarse o termo de Xeración Nós. Toda xeración literaria debe cumprir sete condicións: nacemento en anos pouco distantes, formación intelectual semellante, relacións persoais entre os autores, participación en actos colectivos propios, existencia dun acontecemento xeracional que aglutine as vontades, presenza dun guía, linguaxe xeracional caracterizadora entendida como trazos comúns de estilo, e estancamento da xeración anterior.

Algúns teóricos falaban da Xeración Nós como a que se vinculaba coa revista que lle deu nome. Pero nesta revista colaboraron persoas heteroxéneas e de moi distintas idades: desde Noriega Varela (1869-1947) a Á. Cunqueiro (1911-1981). A diferenza de idade e a heteroxeneidade invalida o uso de xeración para referirse aos colaboradores de *Nós*. Outros autores restrinxiron o concepto de xeración e delimitaron o Grupo Nós como o formado por literatos residentes en Ourense e nados entre 1880 e 1890 e que evolucionaron desde un cosmopolitismo elitista a un galeguismo universal.

## 9.4. Teatro

### 9.4.1. O teatro das irmandades da fala

As Irmandades propóñense crear un teatro nacional, nun contexto de predominio do teatro en español nos escenarios, onde o galego tiña unha presenza secundaria e relegada a aparecer como a lingua dos labregos, con intención cómica. Había por tanto que crear un teatro galego e transformar desde o teatro a propia sociedade, educala e regaleguizala.

Para lograr a dignificación e o prestixio da lingua a través do teatro, este debería estar centrado en personaxes pertencentes ás clases medias ou altas e que fosen obras de temática universal. Era a oportunidade de que o público puidese ouvir un galego culto en personaxes refinadas.

Para a modernización do teatro créase o **Conservatorio Nacional de Arte Galega** (1919) e pídennlle a Ramón Cabanillas que faga unha obra na que a clase alta, que vive nun pazo, fale galego, e o asunto trate un tema universal, como o amor. A posta en escena de *A man da San tiña* (1920) foi todo un éxito. Pero esta modernización e posta ao día chocaba cos que concibían o teatro galego como ruralista, cun público acostumado a ver teatro moderno en castelán. Un enfrontamento interno entre diferentes concepcións fará desaparecer o Conservatorio e Leandro Carré Alvarellos creará en substitución a **Escola Dramática Galega** (1922) moito menos ambiciosa na renovación teatral, pero de maior éxito.

Simultaneamente nacen cadros de declamación nas Irmandades doutras partes de Galiza. En Ferrol, Xaime Quintanilla creará **Toxos e froles** (1922) e representará, entre outras, *Donosiña* e *Alén*, renovadoras obras súas, a última ambientada en Nova Iorque e con personaxes non galegas. En Santiago o catedrático D. Armando Cotarelo Valledor creará o **Cadro de Declamación** da Universidade que representará obras do seu director, *Trebón* e *Lubicán* entre outras. Noutras localidades créanse coros populares que tiñan cadros que

representaban algunha peza escénica en galego, da que destacamos **De Ruada** en Ourense, dirixida por Prado "Lameiro".

A Ditadura de Primo de Rivera fará que durante varios anos apenas haxa teatro galego de calidade. En 1925 Rafael Dieste di que non hai teatro galego pola falta de actores e a baixa calidade das obras. Será Antón Villar Ponte quen propón que hai que facer, por un lado, un teatro baseado nas lendas populares ao estilo dos *folk-drama* do teatro irlandés para un público popular, e por outro lado, un teatro íntimo, ao estilo de Strindberg para un público minoritario e culto.

Neste contexto nacerán algunhas das mellores obras do teatro galego: O *Mariscal* (1926) de Villar Ponte e Cabanillas, e que se coñeceu como ópera, con música de Eduardo Rodríguez Losada, en Vigo e outras cidades galegas no ano 29, e *A fiestra valdeira* (1927) de Rafael Dieste, representada en Bos Aires pola Agrupación Artística Céltiga no mesmo ano. As bases do teatro galego moderno estaban botadas.

### **Antón Villar Ponte (1881- 1936)**

O seu traballo como xornalista será incansábel e despois de descubrir en Portugal que a nosa lingua podía ser un símbolo de distinción dentro do panorama ibérico, fundará co seu irmán Ramón e outros galeguistas, as Irmandades da Fala. O seu éxito é de todos coñecido e tamén o seu traballo de divulgación do ideario galeguista-nacionalista, tanto en castelán, en xornais como *La Voz de Galicia*, como no xornal galeguista *A Nosa Terra*, do que será director até 1922 e colaborador até a súa morte en 1936.



El vaj informar do ideario nacionalista en ensaios didácticos e propagandísticos, ten unha preocupación especial pola creación dunha dramaturxia propia en galego a imaxe do famoso teatro nacionalista irlandés (Yeats, Synge). O seu estilo é sobrio e moi expresivo, supera o estilo retórico do seu tempo e anuncia o estilo xornalístico moderno, de onde beberá dunha maneira moi lograda Manuel Rivas.

Cando en 1922 hai unha crise no nacionalismo galego e hai xente que cre que a literatura galega debe estar limitada a unha temática moi estreita, anima os mozos Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro a que redacten e editen o Manifesto *Máis alá!*, que será decisivo para a renovación e actualización da literatura galega.

Como dramaturgo ten unha extensa obra que podemos dividir en dúas etapas: O teatro social das primeiras obras, *A patria do galego*, *Almas mortas*, *Entre dous abismos*, teatro da liña que estaba de moda no teatro castelán e coa que tivera moito éxito Manuel Lugrís Freire; unha segunda etapa xa plenamente nacionalista e que tomará o modelo irlandés do *folk-drama*, con influencias de Valle-Inclán, *Os evanxeos da risa absoluta*, *Nouturnio de medo e morte*. Traduciu ademais obras clásicas de Shakespeare e Molière ao galego.

### **9.4.2. Vangardas**

#### **Rafael Dieste**

Imos destacar neste apartado o teatro deste autor, por coincidir no tempo coas vangardas e por ser a súa obra teatral innovadora; expón tamén a súa concepción da arte que, segundo el, debe aspirar a captar a verdade das cousas. Rafael Dieste era un intelectual moi completo que se interesou por todos os xéneros literarios, a súa maior paixón foi o teatro. Débeselle a el unha das grandes pezas teatrais da literatura galega: *A fiestra valdeira* (1927), considerada obra mestra do xénero e chea de elementos vangardistas.

A fiestra valdeira é una comedia dividida en tres lances que se corresponden cada un deles coa clásica estrutura de exposición, nó e desenlace. A acción sitúase a comezos de século e está ambientada nunha vila mariñeira. Toda a acción xira en torno ao personaxe central, un vello mariñeiro que retorna enriquecido da emigración, e a un cadro que o representa. Neste cadro, o indiano aparece retratado cun fondo de barcos que representan simbolicamente as súas humildes orixes. A familia –muller e filla–, pretende cambiar este fondo por outro que considera máis “nobre”. O pintor négase a facer este cambio apelando ao compromiso do artista coa realidade. Neste conflito entran tamén os personaxes da vila que reivindicán o seu dereito a estaren representados como colectivo, de maneira simbólica, por medio dos motivos mariñeiros do cadro. Como vemos, esta peza teatral é un drama de ideas que reflicte, dunha banda, o problema da identidade do individuo e da colectividade e, doutra banda, o problema dunha familia que debate a súa posición social.

### 9.4.3. O Grupo Nós

#### Vicente Risco

Só escribe unha peza dramática *O bufón de El-Rei* (1928) que está ambientada na época medieval. Estreada en Bos Aires e impresa en Nós, é un drama simbólico ambientado na Idade Media, que ten como protagonista un bufón intelixente e sobre todo malvado, namorado da raíña adúltera, que se alía co rei e se interpón no amor.

#### Otero Pedrayo

R. Otero Pedrayo tamén cultivou o teatro, xénero no que foi un destacado innovador. As súas obras teatrais foron:

- *A lagarada* (1929), drama rural no que os personaxes se moven por paixóns elementais como a cobiza e a luxuria.
- *O desengano do prioiro* (1952), farsa na que se critica a industrialización alienante.
- *Noite compostelana* (1973), diálogo cheo de lirismo e de simboloxía.

#### Castelao

O interese de Castelao pola forza plástica e expresiva do teatro xa o levava a colaborar en proxectos teatrais do grupo Nós e tamén se encargaría de deseñar os decorados dalgunhas obras teatrais como os de *Divinas Palabras* de Valle Inclán. Pero foi no exilio cando compuxo a súa única obra teatral: *Os vellos non deben de namorarse*, que foi estreada en Bos Aires no ano 1941. O propio autor participou na dirección artística da montaxe, o que lle deu ocasión de materializar as súas ideas sobre o espectáculo teatral que el concibe como unha unidade na que, ademais do texto, participan a escenografía, a iluminación, a música, as roupas dos personaxes... A peza artíllase en tres lances de estrutura moi semellante xa que os tres son distintas versións dun tema que é bastante frecuente na literatura popular galega: o drama do vello que se namora dunha rapaza nova, e que, en cada un dos casos, remata coa morte do protagonista.